

ORZAMENTO 2026

INFORME de ESTRATEXIA FINANCEIRO- FISCAL

Artigo 11.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

Santiago de Compostela, 30 de xullo do 2025

Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ESCENARIO ECONÓMICO	7
2.1. A contorna internacional da economía galega.....	7
2.2. Situación da economía española	13
2.3. Evolución recente da economía galega.....	18
2.4. Escenario macroeconómico 2025 – 2026.....	26
2.5. Crecemento potencial e output gap.....	28
2.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente	30
2.7. Taxa de referencia	33
3. ESCENARIO FINANCEIRO 2026-2028.....	39
3.1. O novo marco de regras fiscais europeas.....	39
3.2. Condicionantes para a determinación do límite de gasto non financeiro 2026.....	43
3.3. Recursos propios autonómicos compatibles coa regra de gasto.....	45
3.3.1. Axustes de gastos non computables	46
3.3.2. Cumprimento da regra de gasto	48
3.4. O límite de gasto non financeiro ordinario para 2026	49
3.4.1. Recursos propios autonómicos.....	49
3.4.2. Resto dos recursos ordinarios a incluír no límite de gasto non financeiro	55
3.5. Límite de gasto non financeiro total.....	60
3.6. Escenario financeiro plurianual.....	61
3.7. Análise da sostibilidade financeira da débeda da Comunidade Autónoma de Galicia.....	61
Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.	64

1. INTRODUCCIÓN

O límite de gasto non financeiro permite establecer a contía máxima do orzamento do vindeiro exercicio. Para elo realízase un cálculo que parte da estimación dos recursos non financeiros e a capacidade ou necesidade de financiamento das contas autonómicas para o ano 2026, de modo que o seu montante sexa coherente co conxunto de regras fiscais que son de aplicación ao abeiro da normativa vixente e a posición cíclica da economía galega (obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto).

No que atinxe a este último punto, dende 2024 ano no que cesa a aplicación da cláusula de salvagarda pola crise vencellada á pandemia do COVID, Europa conta cun novo marco fiscal, novo marco que aínda non está traspasado á normativa nacional polo que as administracións autonómicas temos que aplicar dúas normas non sempre coincidentes na súa definición nin determinación, porén si que coinciden na fixación dunha nova variable de control no obxectivo de ter controlado o nivel de débeda pública, como fin para garantir a estabilidade e o crecemento das nosas economías, esta variable é a evolución do gasto público.

As novas regras fiscais que hai que aplicar son as establecidas no novo marco fiscal europeo, que se describe con detalle nun apartado do presente informe, este novo three pack busca compatibilizar a responsabilidade fiscal co crecemento económico a través dunha orientación de medio prazo e atendendo ás especificidades dos distintos países.

O principal obxectivo deste novo marco é controlar o nivel de débeda a través dun único indicador operativo, o **gasto primario neto financiado a nivel nacional**¹. A diferenza doutras ocasións, tamén se incorporan outros obxectivos chamados a facer máis sostible este proceso

- como garantir un crecemento sostible e inclusivo, mediante o saneamento gradual das facendas públicas, pero impulsando tamén a realización de reformas e investimentos que avancen cara a transición ecolóxica, dixital e a cohesión social, nun contexto de déficits controlados.

¹ O gasto público neto dos gastos en concepto de intereses, as medidas discrecionais relativas aos ingresos, os gastos en programas da Unión Europea tanto na parte de subvención europea como no cofinanciamento nacional, así como os elementos cíclicos do gasto en prestacións por desemprego. Tamén se exclúe do cómputo as medidas puntuais de carácter temporal (as medidas one-off).

- ou mellorar a implicación nacional e centrándose en maior medida no medio prazo. Para elo, baséase nun plan plurianual presentado por cada Estado membro que xira en torno a esa taxa de evolución do gasto, e que se combina cun control do cumprimento que semella máis realista, máis efectivo e máis coherente.

Tal e como recoñecen a Comisión, o Consello Europeo e a AIReF, para o noso país compre facer una adaptación da Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira á nova normativa, para establecer un marco interno de gobernanza fiscal coherente co fixado para o Reino de España pola normativa europea. Esta adaptación debería estar xa en aplicación ao tempo que as novas regras europeas, mentres tanto segue vixente a Lei orgánica que é a que detalla a definición das regras fiscais no marco do ciclo orzamentario autonómico, por tanto este informe realizase sobre a base dos realizados en anos anteriores pero tentando avanzar cara ao novo marco fiscal.

Como paso inicial á elaboración do orzamento, unha vez aprobada o pasado 23 de xuño a Orde de elaboración de orzamentos para 2026 da Xunta de Galicia, cos criterios administrativos e organizativos do mesmo, e ao abeiro do artigo 12 da Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, compre fixar o teito de gasto ou límite de gasto non financeiro compatible co cumprimento das previsións de ingresos e regras fiscais para o vindeiro 2026.

Para elo, previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, o Instituto Galego de Estatística achega a envolvente económica dos orzamentos, un escenario macroeconómico de referencia de Galicia. A Directiva de marcos orzamentarios indica que os Estados membros velarán para que a planificación fiscal anual e plurianual se basee en previsións macroeconómicas e orzamentarias realistas, empregando a información máis actualizada e comparándoa coas previsións da Comisión.

O traballo de prospección económica que desenvolve o IGE leva á determinación do antedito escenario, que é relevante por varios motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos. Sendo, por tanto, a base da estimación do escenario de ingresos, a partires das previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos.

2. Ademais, a estimación do PIB e do seu deflactor serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB), malia que, como se ten dito a variable de control no novo marco fiscal pasa a ser a evolución do gasto público computable.
3. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe determinar a orientación da política fiscal da comunidade autónoma. Ademais, a determinación da posición cíclica da economía permite separar o déficit ou superávit das administracións públicas nun saldo cíclico e outro estrutural. É dicir, que parte do déficit ou superávit é causado pola conxuntura económica e que parte por factores estruturais.

Como se indica no documento metodolóxico da Comisión Europea para a estimación do output gap² ou fenda de produción, en termos de uso de políticas, as estimacións do produto potencial e da fenda de produción son esenciais para avaliar a capacidade produtiva (lado da oferta) e a posición cíclica (lado da demanda) de todas as economías da Unión Europea.

Estas variables son estimados pola DG ECFIN, utilizando o software EUCAM, segundo o acordado polo Grupo de Traballo do output gap e aprobado polo Consello ECOFIN. As estimacións aplícanse no marco de diversos procesos de vixilancia económica e fiscal. Máis especificamente, o indicador de output gap utilízase para axustar ciclicamente o balance orzamentario dos Estados membros, é dicir, para estimar os seus balances orzamentarios estruturais, que descontan o efecto do ciclo económico do balance orzamentario.

Por outra banda, o produto potencial emprégase no cálculo da taxa de referencia que fixa o crecemento máximo do gasto da Administración Central, Autonómica e Local, baixo o brazo preventivo do Pacto de Estabilidade e Crecemento da UE. Ademais, a produción potencial pode tamén ser relevante para avaliar a sostibilidade e efectividade de diferentes axendas de reforma estruturais, destinadas a impulsar a capacidade produtiva dos países individuais da UE.

2 Blondeau, F., Planas, C. and A. Rossi (2021), Output Gap Estimation using the European Union's Commonly Agreed Methodology, ECFIN Discussion Paper 148.

Por todo elo a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 preceptúa a obriga de fixar un límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para cada exercicio³ polo Consello da Xunta, e acordar o e á súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan base ao devandito límite.

Esta ferramenta de disciplina orzamentaria permite dotar de rigor ao proceso orzamentario ao basearse nunhas estimacións de ingresos contrastadas e garantir o cumprimento das regras fiscais.

O contido do presente informe artéllase en dous grandes apartados:

- Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa contorna (informe de primavera da Comisión Europea, OCDE e FMI e os informes do Banco de España e AIReF).
- E un apartado financeiro, que baixo os supostos de evolución económica prevista e o escenario de retorno ás regras fiscais establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para o ano 2026.

³ Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

2. ESCENARIO ECONÓMICO

En Galicia, a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira indica no artigo 11 que con carácter previo á elaboración dos orzamentos elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo, o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise da posición cíclica da economía galega e do saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, incluíndo, entre outras, as variables crecemento potencial, output gap e saldo cíclico orzamentario.

2.1. A contorna internacional da economía galega

A economía mundial enfrenta un período de grande incerteza. Despois duns anos de crecemento continuado malia os obstáculos que se foron encadeando tras a pandemia; a guerra de Ucraína, os conflitos en Oriente Próximo e o cambio na política comercial de Estados Unidos poden conducir a unha desaceleración da economía mundial.

Os principais organismos internacionais, o Fondo Monetario Internacional (FMI), a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e a Comisión Europea (CE) manifestan a dificultade de predicir a evolución económica nas circunstancias actuais. A errática evolución da política comercial de Estados Unidos, con sucesivas mudas de decisión, estando nestes momentos con negociacións bilaterais cos socios comerciais, fan difícil realizar prognósticos confiables. Porén, semella que os diferentes

bloques comerciais van pechando os seus acordos arancelarios cos Estados Unidos de América.

Neste sentido, as previsións do presente informe son consistentes co acordo pechado esta semana entre a Unión Europea e os EEUU.

A economía mundial se caracteriza por un alto grado de integración económica e financeira polo que as subas arancelarias e as medidas de represalia teñen un forte impacto no comercio mundial, provocando novas perturbacións nas cadeas de subministracións e desacelerando a actividade económica. Os mercados bolsistas sofren unha grande volatilidade, con movementos bruscos coincidindo cos sucesivos anuncios do goberno estadounidense. Ademais, as tensións xeopolíticas incrementanse coas guerras en Ucraína e os conflitos en Oriente Próximo.

Esta contorna de incerteza, de conflitos comerciais e xeopolíticos, debilita o comercio e o investimento, reducindo a confianza dos consumidores e as empresas, e freando a actividade económica mundial.

A política monetaria tamén se está a ver afectada por esta incerteza, de feito na actualidade as actuacións da Reserva Federal de Estados Unidos e do Banco Central Europeo (BCE) difiren. O BCE ven de baixar os tipos de xuro 0,25 puntos básicos no mes de xuño, permanecendo sen cambios en xullo ao ter a inflación próxima ao obxectivo do 2% a medio prazo e ante as previsións dun deterioro da actividade económica. A Reserva Federal pola contra, mantén os tipos de xuro, esperando as decisións definitivas do goberno estadounidense sobre a política comercial, migratoria e fiscal.

A seguinte táboa recolle as previsións de crecemento para 2025 e 2026 realizadas por o FMI, a OCDE e a Comisión Europea.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual (%)

	FMI (xullo 2025)		OCDE (xuño 2025)		Comisión Europea (maio 2025)	
	2025	2026	2025	2026	2025	2026
PIB Mundial	3,0	3,1	2,9	2,9	2,9	3,0
Área Euro ⁽¹⁾	1,0	1,2	1,0	1,2	0,9	1,4
Francia	0,6	1,0	0,6	0,9	0,6	1,3
Alemaña	0,1	0,9	0,4	1,2	0,0	1,1
Italia	0,5	0,8	0,6	0,7	0,7	0,9
Portugal	2,0	1,7	1,9	1,9	1,8	2,2
España	2,5	1,8	2,4	1,9	2,6	2,0
Reino Unido	1,2	1,4	1,3	1,0	1,0	1,3
Estados Unidos	1,9	2,0	1,6	1,5	1,6	1,6
Xapón	0,7	0,5	0,7	0,4	0,7	0,6
México	0,2	1,4	0,4	1,1	-0,6	0,5
Brasil	2,3	2,1	2,1	1,6	2,0	1,5
China	4,8	4,2	4,7	4,3	4,1	4,0
India	6,4	6,4	6,3	6,4	6,4	6,4

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países

A actividade económica mundial reduciría o seu crecemento do 3,4% en 2024 ata un rango entre o 2,8% e o 3,0% no 2025, cunha lixeira melloría en 2026, na contorna do 3,0%.

As perturbacións no comercio mundial afectarán a todas as economías. Segundo o FMI, tanto as economías avanzadas⁴ como as economías emerxentes e en desenvolvemento terán, polo xeral, un menor crecemento no ano 2025 que no ano anterior e unha leve recuperación no ano 2026.

O FMI prevé un crecemento do 1,5% das economías avanzadas no ano 2025, tres décimas inferior ao do ano precedente e una suba ata o 1,6% no ano 2026.

A previsión para as economías emerxentes e desenvolvidas⁵ é dunha taxa do 4,1% no ano 2025, dúas décimas menos que no ano 2024. Prevese unha recuperación no ano 2026 ata chegar a unha taxa do 4,0%.

4 Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

5 Rusia, China, India, Indonesia, Malaisia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente Próximo e subsaharianos forman este grupo.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións a dispor para os principais países da economía mundial cos que mantemos relacións comerciais e que teñen, polo tanto, unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido.

A economía de Estados Unidos sería a máis afectada pola súa propia política comercial. Segundo o FMI o crecemento no ano 2025 será do 1,9%, case un punto inferior ao do ano 2024. No ano 2026 incrementaríase unha décima o crecemento ata o 2%. Tanto a OCDE como a Comisión Europea prevén crecementos arredor do 1,6% nos dous anos.

Despois de Estados Unidos, o seguinte país mais afectado polos aranceis sería China. Segundo o FMI en 2025 podería crecer dúas décimas menos que no ano anterior, pasando do 5% en 2024 ao 4,8% en 2025. Esta taxa baixaría no ano 2026 ata o 4,2%. As previsións da OCDE son similares, mentres que a Comisión Europea é máis pesimista ao prognosticar un crecemento do 4,1% no 2025 e do 4,0% no 2026.

A área do euro mantivo nos dous últimos anos un crecemento modesto pero sólido, e as previsións apuntan a un comportamento similar no ano 2025 e un repunte no 2026. Logo dun crecemento do 0,9% en 2024, as previsións para 2025 sitúanse entre o 0,9% e o 1,0%. Para 2026 o crecemento podería subir ata o 1,4%. Este incremento estaría baseado na demanda interna, principalmente no consumo privado, favorecido polo incremento dos salarios, o emprego e a caída da inflación. Así mesmo, os programas de gasto en infraestruturas e en defensa impulsarían o investimento, mentres que o aumento dos salarios e unhas condicións de financiamento máis favorables permitirían un maior investimento en vivenda. Con todo, a incerteza sobre a política arancelaria pode retrasar as iniciativas inversoras. Os efectos do acordo arancelario entre Estados Unidos e a Unión Europea determinarán con maior precisión o impacto na economía europea e non se espera que sexan moi diferentes ao previsto ata o de agora.

O prezo do petróleo segue unha senda descendente desde comezos de ano, debido ao aumento da produción nos países da OPEP, mais o conflito en Oriente Próximo podería provocar novas perturbacións nos mercados de petróleo e derivados coas consecuentes alteracións nos prezos e repercusión na inflación.


As previsións para os países do euro sinalan a España como a economía con maior crecemento nos dous anos, seguida de Portugal. Pola contra, para Alemaña, sen dúbida a principal economía máis afectada pola invasión de Ucraína exceptuando os contendentes, a Comisión Europea prevé un estancamento en 2025 (0,0%) e unha recuperación cara a 2026.

En relación á Reino Unido, estímase un crecemento sólido nos próximos anos, con taxas iguais ou superiores ao 1%. O FMI e a Comisión prognostican un maior impulso en 2026, mentres que para a OCDE o ano 2025 será mellor que o 2026.

Os datos de primeiro trimestre apuntan a un mellor comportamento do previsto das economías do euro, principalmente en Alemaña, cunha taxa do 0,0% cando a previsión era do -0,2%. A taxa de crecemento do PIB italiano tamén foi maior do previsto mentres que en Francia e Portugal a previsión era dun incremento maior do finalmente observado, 0,6% en Francia e 1,6% en Portugal. Para a economía española a previsión coincidiu co valor observado (2,8%).

No gráfico que segue, móstrase a evolución en taxas interanuais das principais economías da nosa contorna.

Previsións crecemento interanual do PIB en 2025 e 2026



Fonte: Comisión Europea

A inflación na área do euro segue unha senda descendente, e prevese que se sitúe na contorna do 2% este ano 2025 e por debaixo desta taxa no ano 2026. Prognostícase unha evolución descendente nos grandes compoñentes da inflación, aínda que a distinta velocidade, e a redución dos prezos dos servizos sería máis lenta. Porén, os conflitos xeopolíticos poderían influír nun alza nos prezos, principalmente durante 2025.

2.2. Situación da economía española

A evolución da economía española destaca a nivel macro polo crecemento mantido nos últimos anos. No ano 2024, o PIB aumentou un 3,2%, a taxa máis alta entre as principais economías da área do euro.

A demanda interna é o principal impulsor do crecemento da actividade en España. No ano 2024, aportou 2,8 puntos porcentuais ao crecemento do PIB. Todos os compoñentes de demanda contribuíron positivamente. A chegada de inmigrantes incrementa o emprego e eleva o consumo privado, axudado tamén polos baixos tipos de xuro e a moderación no crecemento dos prezos. O consumo público aínda mostrou un maior dinamismo.

O investimento é o compoñente máis feble da demanda, cun crecemento do 1,9% en 2024. As incertezas externas e internas non favorecen a confianza dos inversores. Porén, o Plan de recuperación da Unión Europea debería estar a incrementar o investimento.


O sector exterior contribuíu con 0,4 puntos ao crecemento do PIB en 2024. Mantívoase o forte dinamismo das exportacións, baseado nas exportacións de servizos, tanto turísticos como non turísticos, mentres que as exportacións de bens mostran certa debilidade.

Como se pode ver no gráfico que segue, o consumo privado é o principal motor da economía española, cun crecemento do 2,9% no ano 2024. Mostrou unha evolución ascendente ao longo do ano, chegando a unha taxa de crecemento interanual do 3,7% no cuarto trimestre.

O consumo público medrou aínda máis, un 4,1%, e a súa contribución ao crecemento interanual situouse nun promedio de 0,8 puntos porcentuais.

As exportacións tamén foron determinantes no avance da economía española, cunha taxa do 3,1% en 2024, chegando a contribuír en 1,8 puntos porcentuais ao crecemento do PIB no terceiro trimestre.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estadística 2024

Desde a óptica da oferta, os grandes sectores mostraron un crecemento en 2024 superior ao de 2023, agás a construción que mantivo a mesma taxa. O sector servizos, Comercio, transporte e hostalería, Actividades inmobiliarias e Administración pública, sanidade e educación son os sectores con maior dinamismo.

En relación ás horas traballadas, creceron un 1,9% no ano 2024, unha décima menos que no ano precedente. A produtividade por hora medrou un 1,2% en 2024, fronte ao 0,6% do ano anterior.

No primeiro trimestre de 2025, o PIB de España creceu un 2,8% en taxa interanual, cinco décimas menos que no trimestre precedente. Este menor crecemento ven motivado tanto pola demanda interna, cun menor incremento do consumo público, como polo saldo exterior máis negativo. Os indicadores adiantados de actividade PMI anticipan un menor dinamismo da actividade nos próximos meses, sobre todo, nos servizos.

Nos seguintes cadros preséntanse a desagregación das previsións para España nas súas compoñentes de demanda para os anos 2025 e 2026 de Banco de España, AIReF, FMI, OCDE e Comisión Europea.



Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2025

	Banco de España (xuño 2025)	AIReF (maio 2025)	FMI (xuño 2025)	OCDE (xuño 2025)	Comisión Europea (maio 2025)
PIB por compoñentes de demanda					
Gasto en consumo final nacional privado	2,7	2,8	2,1	2,7	2,9
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	2,5	2,7	3,5	2,2	2,3
Formación bruta de capital fixo	4,2	3,3	5,0	4,4	3,4
Demanda nacional ⁽¹⁾	2,7	2,8	2,9	2,4	2,8
Exportacións de bens e servizos	1,9	1,9	2,2	2,2	2,4
Importacións de bens e servizos	3,0	3,4	3,0	3,3	3,2
Produto interior bruto	2,4	2,3	2,5	2,4	2,6
Produto interior bruto nominal	4,8	4,7	4,9	4,8	4,9
Inflación	2,4	2,3	2,2	2,4	2,3
Taxa de paro	10,5	10,7	11,1	10,7	10,4

(1) En Banco de España, AIReF e Comisión Europea: Contribución ao crecemento do PIB

Fonte: Banco de España, AIReF, FMI, OCDE e Comisión Europea

Para o ano 2025, prevese unha moderación no crecemento da economía española ante a incerteza sobre a situación internacional. Aínda así, España mantería un maior dinamismo que os países da súa contorna. As previsións apuntan a un crecemento entre o 2,3% da AIReF e o 2,6% da Comisión Europea. Este incremento estaría sustentado na demanda interna mentres que a contribución da demanda externa sería negativa segundo todos os organismos.

O consumo privado sería a rúbrica con maior contribución ao crecemento. O aumento da renda real, do emprego e da poboación facilitarían un aumento do consumo arredor do 2,8% segundo todos os organismos, agás o FMI que prognostica unha taxa do 2,1%.

Prevese unha moderación no consumo público, despois de varios anos con crecementos elevados pola aplicación das regras de gasto recollidas no Plan fiscal estrutural presentado polo Reino de España perante a Comisión Europea o pasado ano. Aínda así, o incremento sería superior ao 2%.

As previsións de crecemento do investimento oscilan entre o 3,3% da AIReF e o 5,0% do FMI. Veríase impulsada polos fondos Next Generation EU, xa que estamos nos dous últimos anos de dispoñibilidade destes fondos. Unhas mellores condicións de financiamento e o empuxe da investimento residencial contribuirían a un maior dinamismo.

O investimento en vivenda está a aumentar, mais aínda non hai oferta abondo para satisfacer a demanda, o que está a provocar un forte incremento dos prezos. O aumento da poboación no que se basea o crecemento do PIB, conleva a creación dun maior número de fogares, que están a crecer a un ritmo moi superior ao de vivendas libres terminadas. A escaseza de vivenda nova provoca unha escalada nos prezos, subindo por riba do 11% nos dous últimos trimestres segundo o Índice de prezos da vivenda do INE, as taxas máis altas desde que se elabora esta estatística. A falla de vivenda nova incrementa a demanda de vivenda usada, que é a que máis está a crecer.

A suba dos prezos da vivenda provoca que os fogares teñan que facer un maior esforzo para mercar unha vivenda, aumentando tanto o número de hipotecas como o importe medio das mesmas. A mellora nas condicións financeiras máis favorables pode amortecer o impacto desta suba de prezos no esforzo para mercar unha vivenda.

O número de vivendas iniciadas nos últimos meses non semella suficiente para satisfacer a demanda a curto prazo en moitas partes do territorio nacional. Como consecuencia, o investimento en vivenda no horizonte de previsión podería verse limitada pola escaseza de vivendas e a subida dos prezos.

O forte dinamismo das exportacións no ano 2024 podería esvaecerse debido a perda de dinamismo do turismo e as limitacións a expansión do comercio internacional no novo contexto de políticas arancelarias. Despois de acadar un crecemento do 3,1% en 2024, para 2025 a previsión máis optimista é a da Comisión Europea que o sitúa no 2,4%.

Por outra banda, as importacións acelerarán o seu crecemento en 2025, superando o das exportacións. Como consecuencia, todas as previsións prevén que o sector exterior terá unha contribución negativa ao crecemento da economía neste exercicio.



Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2026

	Banco de España (xuño 2025)	AIReF (maio 2025)	FMI (xuño 2025)	OCDE (xuño 2025)	Comisión Europea (maio 2025)
PIB por compoñentes de demanda					
Gasto en consumo final nacional de fogares	1,8	2,0	2,0	1,9	2,1
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,8	1,6	1,7	1,7	1,6
Formación bruta de capital fixo	2,2	1,9	2,1	2,7	3,1
Demanda nacional ^(*)	1,9	1,8	2,0	1,9	2,1
Exportacións de bens e servizos	2,3	2,2	2,5	2,2	2,3
Importacións de bens e servizos	2,8	2,8	3,2	2,3	2,8
Produto interior bruto	1,8	1,7	1,8	1,9	2,0
Produto interior bruto nominal	3,6	4,0	4,2	3,8	4,0
Inflación	1,7	2,0	2,0	1,9	1,9
Taxa de paro	10,2	10,3	11,0	10,1	9,9

Para o ano 2026 as previsións sitúan o crecemento do PIB na contorna do 1,8%, continuando coa desaceleración comezada en 2025. Esta baixada supón, polo menos, medio punto de crecemento do PIB.

No 2026 o crecemento está sustentado, ao igual que no 2025, na demanda interna, mentres que a contribución do sector exterior sería negativa. Neste ano todas as previsións, salvo as do FMI, prognostican unha desaceleración das importacións.

Todos os compoñentes da demanda interna se desaceleran respecto de 2025. Pero, para a maioría das predicións se desacelera de forma especialmente acusada o investimento. Hai que ter en conta que o prazo de execución do programa Next Generation EU remata o 31 de agosto de 2026.

O dinamismo da actividade favorece a creación de emprego. Desde o segundo trimestre de 2021, as afiliacións rexistran taxas interanuais superiores ao 2%, cun maior aumento no réxime xeral que no de autónomos. Tamén crece a poboación ocupada segundo a EPA.

Para o 2026 todos os organismos prevén reducións da taxa de paro, aínda que se mantería por riba do 10%, unicamente a Comisión Europea prevé unha taxa máis baixa, 9,9%. As previsións de taxa de paro máis altas corresponden ao FMI, que só baixa a taxa de paro en 2026 ata o 11%, tres décimas menos que en 2024.

En relación aos prezos, a inflación continuou moderándose desde o ano 2024, cunha taxa media do 2,8%. Prevese que continúe esta desaceleración dos prezos ata o obxectivo do 2% no 2026. O Banco de España ten o prognóstico de inflación máis baixo para ese ano, un 1,7.

2.3. Evolución recente da economía galega

Os datos máis recentes amosan unha prolongación da fase expansiva da economía galega; así, o PIB rexistrou un incremento do 2,8% no ano 2024, seis décimas máis que no ano 2023. No primeiro trimestre de 2025 acadou un crecemento intertrimestral do 0,9%, unha décima superior á dos trimestres anteriores.

En termos de taxa interanual, o crecemento foi unha décima inferior ao do trimestre precedente.

Produto interior bruto. Índices de volume. Referencia 2020

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2023	2024	2024				2025
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	2,2	2,8	2,6	2,6	2,9	2,9	2,8
Variación intertrimestral	--	--	1,1	0,1	0,8	0,8	0,9

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2024

Desde a óptica da demanda, a economía galega segue un crecemento equilibrado no ano 2024, cunha contribución ao crecemento do PIB da demanda interna en termos nacionais de 1,3 puntos porcentuais e do sector exterior de 1,5 puntos.

Demanda. Índices de volume. Referencia 2020

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)


Operacións	2023	2024	2024				2025
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	2,5	1,3	1,9	0,4	1,3	1,5	0,8
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,6	-0,3	0,2	-1,1	-0,2	-0,2	0,4
-Gasto en consumo final das AAPP	4,9	5,6	6,6	4,6	5,3	6,1	1,8
Formación bruta de capital	0,5	1,5	-0,5	0,7	2,2	3,7	3,7
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	2,1	1,3	1,4	0,5	1,4	1,8	1,2
Exportacións de bens e servizos	1,8	3,6	1,8	5,4	4,1	2,9	2,2
Importacións de bens e servizos	1,7	0,9	-0,2	1,6	1,3	0,9	-0,7
Demanda externa (en termos nacionais) ⁽¹⁾	0,1	1,5	1,2	2,2	1,5	1,1	1,6
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,2	2,8	2,6	2,6	2,9	2,9	2,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2024

(1) Contribución ao crecemento do PIB pm.

Os agregados de demanda que máis achegan a este impulso en 2024 son a demanda externa, baseada nunhas exportacións, que aumentan un 3,6% e o consumo público, cunha taxa do 5,6%, o investimento tamén vai acadando un papel cada vez máis relevante nas achegas ao crecemento do PIB e medra un 1,5% no 2024.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2024

No primeiro trimestre de 2025, a contribución da demanda interna é de 1,2 puntos e do sector exterior de 1,6 puntos.


A demanda interna sustentouse no investimento, cunha taxa do 3,7%, seguido do consumo público (1,8%), mentres que o consumo privado segue a mostrar debilidade, cunha taxa de crecemento do 0,4%.

Respecto aos principais indicadores conxunturais de consumo, nos cinco primeiros meses do ano, o índice de comercio polo miúdo indica que as vendas están a crecer un 2,4% en Galicia e a matriculación de turismos aumenta un 16% en Galicia respecto a xuño do 2024.

En relación co comercio exterior de bens, o sector do automóbil é determinante na evolución das exportacións galegas fora de España en termos nominais, que creceron nos catro primeiros meses do ano un 2,6% (aumentando o automóbil máis dun 11%). Pola súa parte, as importacións aumentaron un 1,9%.

Dende a perspectiva da oferta, todos os sectores de actividade rexistraron taxas positivas en 2024 agás o sector primario (-1,0%). O maior crecemento rexístrase na construción (4,1%), seguido dos servizos (3,3%). Comercio, transporte e hostalería e a Administración pública, sanidade e educación son os sectores que máis contribúen ao crecemento do PIB, aumentando ambos os dous un 3,6%. Tamén a industria medra un 2,5%, cun forte crecemento da industria manufactureira.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de oferta



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2024

O principal indicador conxuntural, o Índice de produción industrial (IPI), reflicte un lixeiro incremento da actividade no ano 2024, 0,9%. A industria manufactureira medra un 2,0% mentres que a produción de enerxía eléctrica cae un 3,4% no 2024. No conxunto do Estado, o IPI aumenta un 0,7%, cun aumento do 1,2% da industria manufactureira e unha redución da produción de enerxía do 1,5%.

O primeiro trimestre de 2025 rexistrouse un aumento do VEB da industria do 2,3%, motivada pola industria manufactureira, que sobe un 5,4%.

Nos catro primeiros meses de 2025 o IPI reflicte un mellor comportamento da produción en Galicia (0,4%) que en España (-0,3%). A fabricación de automóbiles determina o diferencial positivo para Galicia, cun crecemento do 18,2% fronte á caída do 11,1% en España. Pola contra, a produción de enerxía eléctrica diminúe en Galicia (-12,6%) e aumenta en España (3,4%).

O sector servizos rexistrou un crecemento do 3,0% no primeiro trimestre do ano, seis décimas menos que no cuarto trimestre de 2024. Comercio, transporte e hostalería e Actividades inmobiliarias son os sectores que máis repercuten neste incremento.


O principal indicador conxuntural, o indicador de actividade do sector servizos (IASS) rexistrou no ano 2024 un incremento do 3,4%, catro décimas máis que en España (3,0%). Nos catro primeiros meses do 2024 o indicador rexistra un incremento do 4,2% en Galicia, unha décima inferior ao de España (4,3%).

En relación ao emprego, no ano 2024 os ocupados aumentaron un 1,4% e as afiliacións un 1,6%. A poboación parada diminuíu un 2,6%, co que a taxa de paro situouse no 9,4%, inferior en tres décimas á do ano anterior.

No primeiro trimestre de 2025, a ocupación creceu un 2,0% e a poboación parada diminúe un 15,7%, situándose a taxa de paro no 8,8%. Con esta taxa, Galicia encadea tres trimestres consecutivos cunha taxa de paro inferior ao 9%, algo que non acontecía desde o ano 2008.

As afiliacións á Seguridade Social, empregando as medias mensuais, aumentaron un 1,7% nos cinco primeiros meses do ano.


As horas traballadas están a crecer menos en Galicia que en España o que redonda nun maior aumento da produtividade do traballo da nosa economía, que converxe coa europea.



Fonte. Eurostat e IGE

No primeiro trimestre de 2025, as horas medran un 0,1% en Galicia e un 2,1% en España.

Taxa de variación interanual das horas e achegas segundo rama de actividade



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2024

Desenvolvemento sustentable

Ademais do crecemento económico como motor de desenvolvemento dun país é necesario que este sexa sostible, incluso e que beneficie a todos os sectores da sociedade. Isto é o que promove o Plan Estratéxico de Galicia e a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable e que se intenta medir a través duns indicadores complementarios ao PIB, que atenden a aspectos sociais como a desigualdade de ingresos da poboación ou a sostibilidade e protección ambiental.

A mellora no crecemento económico en Galicia, veu acompañada cun incremento do benestar social.

Galicia reduciu as diferenzas con España na última década tanto en PIB per cápita como en renda bruta dispoñible dos fogares per cápita.

Malia o shock da pandemia e a crise enerxética, as medidas de apoio aos colectivos máis vulnerables favoreceron unha redución da desigualdade da poboación galega. O indicador de distribución da renda S80/S20 que mide a relación entre a renda obtida polo 20% da poboación máis rica respecto da renda do 20% máis pobre reduciuse nos últimos anos (coa excepción do ano

2020), o que indica unha menor desigualdade. A taxa AROPE que mide o risco de pobreza ou exclusión social baixou sete puntos en Galicia desde 2015.

Outros indicadores para medir a cohesión social da poboación, como os fogares con todos os activos ocupados ou o desemprego de longa duración mostran unha evolución favorable en Galicia nos últimos anos.

En canto a desigualdade de xénero, a fenda de xénero na taxa de actividade reduciuse dous puntos porcentuais desde o ano 2015.

Xunto co progreso económico e social avanzouse nunha maior protección ambiental para conseguir unha contorna máis sostible. Así o indican as emisións de gases de efecto invernadoiro, que se reduciron catro puntos desde o ano 2015, e a utilización de enerxías renovables para a produción de electricidade, que se incrementou en 33 puntos porcentuais.

Indicadores complementarios

			2015	2019	2023	2024
Transición ecolóxica	Emisións de GEI (toneladas per cápita)	Galicia	7,3	4,6	3,3	..
		España	6,0	5,5	4,5	..
	Enerxías renovables (% na produción de electricidade)	Galicia	51,6	65,3	75,8	84,6
		España	35,6	37,8	51,2	56,8
Transformación dixital	Vivendas con conexión de banda larga (%)	Galicia	75,2	88,1	94,2	95,1
		España	77,8	91,2	96,4	96,8
	Emprego en información e comunicación (%)	Galicia	2,1	2,6	2,7	3,1
		España	3,0	3,0	3,6	3,8
	Gasto en I+D (% do PIB)	Galicia	0,9	1,0	1,3	..
		España	1,2	1,2	1,5	..
Igualdade de xénero	Fenda de xénero na taxa de actividade (pp)	Galicia	9,9	8,5	8,0	7,9
		España	12,0	11,0	9,9	10,0
	Mulleres en cargos directivos (%)	Galicia	30,2	35,1	31,4	27,9
		España	30,4	33,7	35,5	35,2
	Abandono educativo temperán (%)	Galicia	17,0	12,6	9,1	10,8
		España	20,0	17,3	13,7	13,0
	Taxa de temporalidade (% dos asalariados)	Galicia	25,4	26,5	16,7	15,9
		España	25,1	26,3	17,2	15,9
	Taxa de desemprego xuvenil (% da poboación activa menor de 25 anos)	Galicia	43,5	27,8	24,6	25,7
		España	48,3	32,5	28,7	26,5
	Taxa de desemprego de longa duración (%)	Galicia	10,6	4,6	3,4	3,1
		España	11,4	5,3	4,3	3,8
	Taxa de ocupación (% da poboación de 16-64 anos)	Galicia	58,7	64,7	66,9	67,3
		España	58,7	64,3	66,5	67,2
	Taxa AROPE (%)	Galicia	24,3	19,4	17,3	..
		España	28,8	27,0	25,8	..
	Índice de Gini (0=igualdade máxima)	Galicia	0,287	0,261	0,247	..
		España	0,345	0,321	0,312	..
Cohesión social	Desigualdade da distribución da renda S80/S20	Galicia	4,5	4,0	3,7	..
		España	6,6	5,8	5,4	..
	Fogares con todos os activos ocupados (% dos fogares con activos)	Galicia	72,5	82,3	85,2	86,2
		España	69,8	79,4	82,0	83,1

Fontes: IGE, INE, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico e Red Eléctrica Española

2.4. Escenario macroeconómico 2025 – 2026

Como se ten dito, nos últimos anos, todas as previsións macroeconómicas están suxeitas a unha grande incerteza debido ás tensións xeopolíticas, a inflación, etc., isto leva a unha continua revisión das mesmas. Do mesmo xeito, estes axustes poden ter un impacto non menor nunha economía tan internacionalizada como a galega, polo que estas previsións se formulan baixo unha premisa de prudencia.

Estas estimacións semellan consistentes co acordo arancelario acadado esta semana entre os EEUU e a UE pero poderían verse afectadas por novas tensións xeopolíticas e comerciais que afecten directamente a Galicia ou indirectamente a través dos nosos socios comerciais, e que empezaría a manifestarse pola vía dos prezos e do comercio exterior.

A economía galega mantivo un sólido crecemento en 2024 do 2,8%, e prevese unha taxa do 2,4% para 2025 e do 1,9% en 2026.

No ano 2024, o consumo privado foi o compoñente máis débil da demanda interna. A inflación e a incerteza fronte o futuro seguiu a influír na capacidade de gasto dos fogares galegos, malia que os prezos mantiveron unha senda descendente e xa evolucionan a taxas inferiores ás nacionais. Para os dous próximos anos prevese unha recuperación do consumo privado, beneficiado por un crecemento do emprego nun contexto de desaceleración dos prezos e tipos de xuro.

O consumo público mantivo un forte dinamismo nos últimos anos, chegando a unha taxa do 5,6% en 2024. Para os próximos dous anos, as previsións sinalan unha ralentización do crecemento, con taxas ao redor do 3%.

O investimento mantivo un incremento moderado nos dous últimos anos, malia o impulso dos fondos europeos. Aínda que parte destes fondos están dedicados a investimento público, deberían ter un efecto arrastre sobre o investimento privado. A dispoñibilidade destes fondos durará ata agosto de 2026 polo que se prevé unha aceleración na execución nos próximos trimestres.

No ano 2025 prevese un crecemento do investimento superior ao 3% en consonancia co crecemento interanual no primeiro trimestre dun 3,7%. No entanto, para o ano 2026 agárdase que o crecemento se modere ata o 2,5%. Ademais, as condicións de financiamento están a suavizarse, despois da forte suba de tipos de xuro iniciada a mediados de 2022.

Respecto ao investimento en vivenda, en Galicia a demanda de vivendas tamén provoca o seu encarecemento aínda que en menor magnitude que no resto de España; así, o prezo da vivenda nova no primeiro trimestre de 2025 subiu un 8,3%, case catro puntos menos que en España. Estes factores limitarán o investimento en vivenda en Galicia que se compensarán en parte con un máis doado acceso ao financiamento.

A contribución da demanda externa será positiva no período de previsións, 1,2 puntos porcentuais en 2025 e redúcese a 0,4 puntos en 2026.

O emprego medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo crecerá un 1,6% en 2025 e un 0,9% en 2026. Este incremento do emprego situaría a taxa de paro no 7,8% en 2026, a taxa máis baixa desde o ano 2007.

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %			
	2024	2025	2026
Gasto en consumo final	1,3	0,8	1,3
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,3	0,7	1,4
- Gasto en consumo final das AAPP	5,6	0,9	1,0
Formación bruta de capital	1,5	3,4	2,5
Achega demanda interna ¹	1,3	1,2	1,5
Exportación de bens e servicios	3,6	3,1	4,0
Importación de bens e servicios	0,9	1,1	3,7
Achega demanda externa ¹	1,5	1,2	0,4
Produto interior bruto (PIB)	2,8	2,4	1,9
Produto interior bruto nominal	5,7	5,1	4,2
Deflactor do PIB	2,8	2,6	2,2
Emprego. PTETC	1,1	1,6	0,9
CT. Persoas	98,3	98,3	98,3
Taxa de paro²	9,4	8,3	7,8

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

2.5. Crecemento potencial e output gap

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que ningunha administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, salvo nalgúñas circunstancias fixadas na devandita Lei. En virtude dela, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

As novas regras fiscais substitúen o indicador de base para establecer a senda fiscal dos países, empregando o gasto primario neto financiado a nivel nacional. Non obstante, apuntan á mellora do saldo estrutural primario para cumprir a traxectoria de referencia de déficit e débeda.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular o compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e o compoñente cíclico dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro.

O cálculo do compoñente cíclico realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase o output gap ou fenda de produción e en segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o output gap dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía é capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O output gap ou fenda de produción defínese como a diferenza entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial expresado en porcentaxe do PIB potencial.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do output gap para a economía galega⁶ segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais ECC/2471/2012 de 20 de decembro, ECC/493/2014 de 27 de marzo e ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que seguen, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da Comisión Europea⁷, acordado no Grupo de traballo do output gap e aprobada polo Consello ECFIN. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e, por outro, a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado, as contribucións das súas principais compoñentes e o output gap.

Evolución cíclica. Galicia

	2024	2025	2026	2027	2028	2029
PIB real. TVA (%)	2,8	2,4	1,9	1,2	1,2	1,2
PIB potencial. TVA (%)	2,1	2,2	2,1	1,9	1,6	1,5
Contribucións ao crecemento do PIB potencial (*)						
Produtividade total dos factores	1,8	1,7	1,6	1,5	1,4	1,3
Traballo	0,2	0,3	0,3	-0,1	-0,3	-0,4
Capital	0,1	0,2	0,2	0,5	0,5	0,6
Output gap (*)	1,3	1,5	1,3	0,7	0,3	0,0

(*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida non centrada

Fonte: IGE. Posición cíclica da economía galega

O crecemento potencial da economía galega sitúase por riba do 2% no período 2024-2026. Esta evolución por debaixo da media dos crecementos reais (2,4%) reflicte a existencia duns ventos de cola que van esvaecendo.

O produto potencial da economía galega caracterízase nos últimos anos por una baixa contribución do factor traballo (sendo negativa no período 2010-

⁶ http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_PIB_output_gap.pdf

⁷ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm

2021) e do capital. O incremento poboacional desde 2023 provoca unha maior contribución do factor traballo nos próximos anos ata 2027 onde volvería a contribucións negativas.

O capital vese moi influenciado polas crises; non obstante, o impacto dos fondos Next Generation EU reflectiríase na contribución ao crecemento potencial nos anos vindeiros.

Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o output gap de Galicia mantense en valores positivos desde o ano 2022.

2.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea e explícase no Anexo I deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal obtense o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o output gap é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico obtense como o produto da semi-elasticidade e o output gap; o saldo axustado do ciclo calcúlase como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.

Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)

	2024	2025	2026	2027	2028	2029
1. Saldo público	0,2	0,1	0,2	0,1	0,0	0,0
2. Intereses	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3
3. Medidas non recorrentes temporais	-0,4	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
4. Saldo primario (1+2)	0,5	0,4	0,4	0,4	0,3	0,3
5. Output gap	1,3	1,5	1,3	0,7	0,3	0,0
6. Saldo cíclico	0,2	0,3	0,2	0,1	0,1	0,0
7. Saldo cíclicamente axustado (1-6)	0,0	-0,2	0,0	0,0	-0,1	0,0
8. Saldo primario cíclicamente axustado (7+2)	0,3	0,1	0,2	0,3	0,2	0,3
9. Saldo estrutural (7-3)	0,4	-0,1	0,0	0,0	-0,1	0,0
10. Saldo estrutural primario (9+2)	0,7	0,1	0,2	0,3	0,2	0,3

Fonte: IGE, Consellería de Facenda e Administración Pública


Como indicamos, logo de dous anos de saldo cíclico negativo provocado pola pandemia, desde o ano 2023 vólvese positivo ata chegar ao 0,3% do PIB no ano 2025, estes ventos de cola evolucionan nunha décima menos no ano 2026 para desaparecer a medio prazo.

Como resultado do comportamento do saldo cíclico e do saldo público, o saldo ciclicamente axustado estaría nunha senda de equilibrio ao longo de todo o período, con algún desfase puntual. A mesma traxectoria seguiría o saldo estrutural primario que é o anterior sen a carga de intereses da débeda (non hai medidas recorrentes temporais).

A evolución conxunta do saldo estrutural primario e do output gap permite determinar a orientación da política fiscal.

As novas regras fiscais implicarán unha política fiscal restritiva nos próximos anos, unha vez consolidada a recuperación da pandemia.


Euro área



Fonte: Comisión Europea. AMECO database

A nivel nacional, este impulso tamén debe ser restritivo, unha vez que a economía se aproxime ao seu nivel potencial, reducindo as medidas adicionais tomadas para facer fronte, primeiro a pandemia e logo, a suba dos prezos.


España



Fonte: Comisión Europea. AMECO database

En Galicia, o saldo estrutural é neutro desde 2023 ata 2025 o que leva a una posición fiscal aproximadamente neutra neste último ano. O impulso fiscal será restritivo en 2026.

Galicia



Fonte: IGE

2.7. Taxa de referencia

A Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais non poderá superar **a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.**

A taxa de referencia reflicte o crecemento nominal da economía española a medio prazo. Estímase a partires de dous factores, o crecemento do PIB potencial real e do deflactor do PIB:

- En canto ao crecemento do PIB real de medio prazo, cada ano calcúlase promediando as taxas de crecemento anuais de 10 anos: os 5 anos anteriores, o ano en curso e os 4 anos posteriores. O PIB potencial real estimase ao abeiro da metodoloxía definida pola Comisión Europea.
- No que atinxe á evolución dos prezos, preciso para calcular o crecemento de referencia nominal a partires do PIB real, a normativa actual establece que para cada ano se elixirá o menor dos dous valores seguintes: ou ben o 2% ou ben a taxa de crecemento do deflactor do PIB. É o valor previsto ou observado para cada ano, polo que non se realiza ningún tipo de promedio do crecemento dos prezos.

A taxa de referencia calcúlase o Ministerio de Economía, é a mesma para todas as AA.PP. e se publica no “Informe de situación de la economía española” que acompaña á fixación dos obxectivos de estabilidade e débeda pública para o conxunto das AA.PP. e para cada un dos subsectores.

Malia que a LOEPSF non o regula de xeito expreso, na práctica, a taxa de referencia fíxase no primeiro semestre do ano por Acuerdo de Consejo de Ministros para os tres anos seguintes, ao tempo que se fixan os obxectivos sinalados. Ao igual que para os obxectivos de estabilidade e débeda, fórmase para tres anos pero eses obxectivos trianuais son obxecto de revisión cada exercicio.

O emprego dun promedio das taxas de crecemento real e o establecemento dun teito á evolución dos prezos evita flutuacións bruscas na evolución anual do nivel máximo de gasto.

O artigo 15 da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que o Ministerio de Economía deberá elaborar un informe no que se avalíe a situación económica e no que se estableza a taxa de referencia do gasto non financeiro ou regra de gasto para tres anos.

Polo miúdo, o seu apartado 5 sinala que no primeiro semestre de cada ano o Goberno de España debe presentar unha proposta de fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que estará acompañada dun informe no que avalíe a situación económica que se prevé para cada un dos anos contemplados no horizonte temporal de fixación dos anteditos obxectivos.

Este informe será elaborado polo Ministerio de Economía previa consulta ao Banco de España, e tendo en conta as previsións do Banco Central Europeo e da Comisión Europea. Conterá o cadro económico de horizonte plurianual no que se especificará, entre outras variables, a previsión de evolución do Produto Interior Bruto, a fenda de produción, a taxa de referencia da economía española a efectos da regra de gasto e o saldo cíclico do conxunto das Administracións Públicas, distribuído entre os seus subsectores.

A día de hoxe este informe non foi publicado nin a proposta feita, polo que o único dato que temos é o correspondente ao informe elaborado no ano 2024 e que abrangue ata o 2027, con datos claramente desactualizados.

Taxa de Referencia⁸

	2025	2026	2027
	<i>variación anual (%)</i>		
Taxa de referencia	3,2	3,3	3,4

⁸ Datos obtido do Informe da Situación da Economía Española para o ano 2024 que acompañou á proposta de teito de gasto da Administración Xeral do Estado para o ano 2025.

A taxa de referencia da economía galega en termos nominais obtido polo IGE para o ano 2025 sitúase no 3,7% e para o ano 2026 no 3,9% aos efectos de actualización de determinados gastos que se referencian a esta taxa.

Porén, en base aos datos presentados polo Ministerio de Economía perante a Comisión europea co gallo da presentación do Plan fiscal e estrutural a medio prazo do Reino de España podemos recalcular esta taxa de referencia cos propios datos do Ministerio, que quedaría como segue:

Contribucións á regra de gasto

	*	**	***				****					
	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031
	<i>Contribucións %</i>											
Crecedemento PIB potencial	0,6	0,3	1	1,9	1,9	2,0	2,1	1,8	1,6	1,6	1,2	1,1
Deflactor do PIB	1,1	2,3	4,1	6,2	3,1	2,7	2,4	2,4	2,4	2,3	2,3	2,3
Deflactor do PIB limitado	1,1	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Gasto primario neto	1,7	2,3	3	3,9	3,9	4	4,1	3,8	3,6	3,6	3,2	3,1
TAXA DE REFERENCIA						3,5	3,5	3,6				

Fontes: INE e Ministerio de Economía.

* Plan presupuestario 2022

** Plan presupuestario 2023

*** Plan presupuestario 2024

**** Plan fiscal y estructural de medio plazo 2025-2028

Esta magnitude do 3,5% é a que tomamos como referencia para este informe de estratexia por corresponderse con datos máis actualizados e coincidir coa taxa europea contida no PFEMP.

En todo caso, a Xunta de Galicia reclamará a publicación do informe de situación económica o máis axiña posible e unha adaptación da aplicación da regra de gasto aos distintos niveis de administración que teña en conta as diferentes pautas de gasto e niveis de solvencia de cada unha.



Cadro 1. Déficit e Débeda das Administracións Públicas e os sectores non financeiros

O déficit das AAPP en España continuou a súa senda descendente desde o máximo alcanzado en 2020 pola pandemia da Covid cun 9,9 % do PIB. Con todo, este proceso de volta a valores inferiores ao 3 % realizouse dunha forma lenta. De feito, no 2024 pechouse cun déficit do 3,2% do PIB. A partir de 2025 a Comisión Europea estima para España unha redución significativa do déficit, prognosticando en 2026 o 2,5% do PIB.

O gasto en intereses para o servizo da débeda está a crecer debido ao elevado volume de débeda e a subida dos tipos de interese e o rendemento dos bonos do Estado dende finais de 2022. A Comisión Europea prognostica que en 2026 a débeda representará aínda mais do 100% do PIB, mentres que o gasto en xuros xa representará o 2,6 %.

Contas das Administracións Públicas

Anos	Déficit (-) / Superávit (+)	Débeda	Gasto en in- tereses
2000 – 2007	0,4	46,7	2,2
2008 – 2013	-9,0	68,7	2,4
2014 – 2018	-4,2	102,0	2,9
2019	-3,1	97,7	2,3
2020	-9,9	119,3	2,2
2021	-6,7	115,7	2,1
2022	-4,6	109,5	2,3
2023	-3,5	105,1	2,4
2024	-3,2	101,8	2,4
2025 (p)	-2,8	100,9	2,6
2026 (p)	-2,5	100,8	2,6

Fonte: Banco de España e Comisión Europea

Notas: Porcentaxes do PIB

(p) = predición

Analizando a necesidade de financiamento por subsectores das AA.PP. poden observarse evolucións diferentes. En 2024 a Administración Central incrementou de maneira acusada o seu déficit, un punto porcentual do PIB, mentres que no conxunto das administracións reduciuse un 0,3% do PIB. O incremento da Administración Central compensouse coa forte caída do déficit das Comunidades Autónomas, que se achegaron ao equilibrio, e o superávit das Corporacións Locais, un 0,4% do PIB.



En 2024 a Administración da Seguridade Social é o segundo subsector que máis déficit aportou ao conxunto das Administracións Públicas, un 0,6% do PIB. Unha cifra moi significativa e que sen medidas adicionais estruturais non se estima que se reduza no futuro.

Déficit(-) / Superávit(+) das Administracións Públicas por subsectores

	Admon. Central	CCAA	Corp. Locais	Admon. de Seg. Social
Anos				
2019	-1,5	-0,6	0,3	-1,3
2020	-7,6	-0,2	0,2	-2,4
2021	-6,0	0,0	0,3	-0,9
2022	-3,0	-1,1	-0,1	-0,4
2023	-2,0	-0,9	0,0	-0,6
2024	-3,0	-0,1	0,4	-0,6

Fonte: Banco de España

Notas: Porcentaxes do PIB

Tanto os fogares como as sociedades non financeiras reduciron fortemente o seu nivel de endebedamento desde a pandemia de Covid, pechando o 2024 cun nivel de débeda conxunta do 107,4%, por enriba da débeda do conxunto das Administracións Públicas para o mesmo período, 100,8 % do PIB.

Débedas dos sectores privados non financeiros

	Fogares e ISFLSF	Sociedades non finan- ceiras	Total sec- tores pri- vados non financeiros
Anos			
2017	60,9	82,6	143,5
2018	58,6	77,1	135,8
2019	56,5	75,6	132,1
2020	62,1	89,9	152,0
2021	57,2	84,4	141,6
2022	51,5	73,2	124,6
2023	46,1	66,0	112,1
2024	43,8	63,6	107,4

Fonte: Banco de España

Notas: Porcentaxes do PIB

Débedas netas

ISFLSF: Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares

Cadro 2. O novo marco europeo de gobernanza económica

En abril de 2024 aprobáronse o Regulamento (UE) 1263/2024, o Regulamento (UE) 2024/1264 e a Directiva 2024/1265 que desenvolven o novo marco europeo de regras fiscais da Unión Europea. O obxectivo principal deste marco é garantir a sustentabilidade fiscal dos países membros da Unión Europea, favorecendo o seu crecemento e facilitando a súa aplicación dunha forma flexible adaptada á situación de cada país.

O novo marco substitúe os obxectivos ríxidos do marco anterior, déficit inferior ao 3% e débeda inferior ao 60%, por unha regra única baseada nunha variable observable: Controlar o crecemento do gasto primario neto, o gasto público descontando os intereses e as medidas discrecionais. Para iso, fíxase unha traxectoria de medio prazo do crecemento do gasto primario neto adaptada á situación de partida de cada país e que permita unha redución paulatina dos niveis de débeda.

Para cada ano a senda de crecemento do gasto primario neto determínase como a suma de tres compoñentes:

- o crecemento do PIB potencial, calculado co modelo EUCAM da Comisión Europea
- o crecemento do deflactor do PIB
- o esforzo fiscal estrutural primario, con signo negativo

O esforzo fiscal estrutural primario é o axuste orzamentario en termos de PIB que realiza un país excluindo os intereses da débeda e os efectos do ciclo económico, empregando a metodoloxía do output gap.

Cada país deberá presentar un plan fiscal estrutural nacional de medio prazo cun horizonte de 4 anos. Ese horizonte pódese ampliar a 7 anos no caso de que o país incorpore reformas estruturais ou investimentos craves.

España presentou en outubro de 2024 o seu plan fiscal estrutural de medio prazo. A seguinte táboa recolle a traxectoria do gasto primario neto aprobada e a contribución dos seus compoñentes.

Contribucións á regra de gasto (%)

	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031
Crecemento PIB potencial	2,0	2,1	1,8	1,6	1,6	1,2	1,1
Deflactor do PIB	2,7	2,4	2,4	2,4	2,3	2,3	2,3
Efecto do esforzo fiscal	-1,0	-1,0	-1,0	-1,0	-1,0	-1,0	-1,0
Gasto primario neto	3,7	3,5	3,2	3,0	3,0	2,5	2,4

Fonte: Plan Fiscal y Estructural de medio plazo 2025-2028. Gobierno de España

3. ESCENARIO FINANCEIRO 2026-2028.

3.1. O novo marco de regras fiscais europeas

En abril de 2024 aprobouse o Regulamento (UE) 2024/1263, o Regulamento (UE) 2024/1264 e a Directiva 2024/1265, normas que configuran o novo marco europeo de regras fiscais.

O novo marco busca compatibilizar a responsabilidade fiscal co crecemento económico a través dunha orientación de medio prazo e atendendo ás especificidades dos distintos países.

O acordo para a reforma das regras fiscais conleva importantes novidades no marco de supervisión fiscal europeo, que pasa a estar sustentado no Plan Fiscal Estrutural a medio prazo e centrado nunha única variable operativa de seguimento: o gasto computable.

Definición de gasto computable

Gasto público non financeiro neto de:	Gasto en concepto de intereses Medidas discrecionales de ingresos Gastos en programas da UE Cofinanciación nacional de gastos en programas da UE Elementos cíclicos do gasto en prestacións por desemprego Outras medidas temporais cualificadas pola Comisión
---	--

Ese indicador, que non se ve afectado polo funcionamento dos estabilizadores automáticos (gastos en prestacións por desemprego) e outras flutuacións do gasto que escapan ao control directo do Goberno (gastos extraordinarios ou medidas one-off), ofrece marxe de manobra para a estabilización macroeconómica contracíclica.

Cando a débeda pública supere o 60 % do PIB, caso de España, ou o déficit público supere o 3 % do PIB, a Comisión transmitirá ao Estado membro de que se trate e ao Comité Económico e Financeiro unha traxectoria de referencia do gasto neto que abarque un período de axuste de catro anos e a súa posible ampliación por un máximo de tres anos. O Estado membro que supere os limiares deberá presentar un Plan de Axuste Estrutural a medio prazo no que se mostre a traxectoria de gasto coherente coa de referencia que aliñe a medio prazo as finanzas públicas nacionais cos anteriores obxectivos.

O PFEMP presentado polo Reino de España e taxa de referencia presentada.

O pasado de 15 outubro de 2024 o Goberno de España presentou o seu Plan de Axuste por superar os limiares de débeda sen debate nas Cortes Españolas nin consulta previa ás CCAA nin á AIReF.

O plan compromete un grupo de reformas estruturais, basicamente as do PNRR para estender a súa aplicación a sete anos. A senda de gasto proposta é a seguinte, como se pode apreciar deixa a parte da contención de gasto para os últimos anos do plan, que mantén a posibilidade dun aumento media do gasto computable do 3%:

Regla Europea								
	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031
PFEMP	5,3	3,7	3,5	3,2	3	3	2,5	2,4
tasa acum	5,3	9,2	13,0	16,6	20,1	23,7	26,8	24,6
Promedio 25-31						3,0		
Promedio 25-27						3,5		

A Comisión debe establecer unha conta de control para cada Estado membro para facer un seguimento das desviacións anuais ao longo do tempo respecto da senda de gasto neto acordada respecto da taxa acumulada. A información contida na conta de control debe ser a base das medidas de execución.

O 21 de xaneiro de 2025 o ECOFIN aprobou os compromisos fiscais e estruturais do PFEMP.

O pasado 30 de abril o Goberno de España remitiu o informe anual de seguimento do Plan Fiscal Estructural. O seu contido é o progreso na senda de implementación de gasto neto e reformas e investimentos comprometidas, en particular as que sustentan a ampliación do período de axuste. O informe de seguimento persiste na indefinición sobre o marco fiscal nacional: sen obxectivos específicos por os distintos niveis de administracións, nin anuais nin plurianuais.

TASA DE CRECIMIENTO DEL GASTO PRIMARIO NETO DE MEDIDAS DISCERCIONALES DE INGRESOS (% VARIACIÓN)

	2024	2025	2026	2027	2028
Gobierno PFEMP					
Anual	5,3	3,7	3,5	3,2	3,0
Acumulado		9,2	13	16,6	20,1
Gobierno Informe Progreso					
Anual	4,1	4,1			
Acumulado		8,4			
AIReF políticas constantes					
Anual	4,1	4,5	3,4	4,6	3,8
Acumulado		8,8	12,6	17,9	22,5

Principais resultados do informe de seguimento anual:

- En 2024 a AIReF asume as cifras de gasto neto para as AA.PP. do Informe de Progreso (non hai detalle por subsectores).
- O Informe do Goberno evidencia, en 2024, un crecemento inferior ao compromiso que achega marxe de 5 décimas de PIB para os anos seguintes.
- 2025: AIReF e Goberno prevén un crecemento anual do gasto neto superior ao comprometido co ECOFIN aínda que dentro do limiar anual da conta de control (3 décimas de PIB) e respectando o límite acumulado.
- A AIReF prevé unha desviación anual máis elevada que o Informe de Progreso:
 - 3,9% vs 3,2% en media.
 - 0,7% de PIB en desviación acumulada 2028.
- 2026-2028: a políticas constantes, a AIReF alerta de riscos. Sendo necesarias medidas en 2027 e 2028.

As comunidades autónomas e o novo marco fiscal.

O novo marco aínda non foi traspasado á normativa nacional, e o plan fiscal e estrutural de medio prazo remitiuse ás institucións comunitarias sen consultar nin explicar as comunidades autónomas o seu contido nin o alcance da senda de gasto proposta pola Comisión, nin a proposta polo Goberno de España, nin moito menos a súa repercusión ás CCAA. Galicia demandou ambos aspectos nos últimos plenos do CPFF.

Desta forma, a normativa vixente aplicable ás comunidades autónomas é a regra de gasto nacional, que difire da nova regra europea.

	REGLA DE GASTO EUROPEA	REGLA DE GASTO NACIONAL
Ámbito de aplicación	Conxunto das AAPP, permite compensar entre subsectores	Aplicable a cada subsector de administración, AXE, CCAA e CCLL, non aplica aos fondos da seguridade social
Definición de gasto computable	Non computa o cofinanciamento dos Proxectos europeos	Abrangue o gasto nacional en Proxectos cofinanciados con fondos europeos
	Non computa o gasto das medidas puntuais e outras temporais (one-offs)	Abrangue o gasto de medidas puntuais e outras temporais
Axuste do gasto computable por medidas de ingresos	Medidas de ingresos permanentes e temporais incluso a non deflactación	Medidas de ingresos permanentes
Taxa de referencia	En función da análise da sostibilidade da débeda	En función do PIB potencial a medio prazo
Medición do cumprimento	Perspectiva plurianual (4 anos)	Perspectiva anual. Ningunha desviación permitida
	Desviacións anuais permitidas ata o 0,3% do PIB e acumuladas ata o 0,6% do PIB	

Tal e como se sinalou, non hai unha estratexia para cada subsector, nin unha análise de cada punto de partida diferencial nos niveis de gasto, só unha envolvente comprometida a nivel nacional.

Cumprir require previsibilidade e responsabilidade compartida para poder levar a cabo unha adecuada planificación en cada nivel de administración.

3.2. Condicionantes para a determinación do límite de gasto non financeiro 2026

A primeira das limitacións, xa descrita no apartado anterior, é a relativa á aplicación do novo marco fiscal europeo, neste momento conviven dous marcos fiscais distintos: o establecido mediante os Regulamentos aprobados polo Parlamento europeo e que son de aplicación directa e o establecido pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria.

Outra das limitacións coas que se aborda a determinación do límite de gasto non financeiro ven derivada do incumprimento por parte do Ministerio de Hacienda da aprobación dentro do primeiro semestre de cada ano, dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para cada un dos subsectores da administración pública.

Adicionalmente tampouco tense publicada por parte do Ministerio de Economía a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española, tan só coñecemos a taxa de referencia que se calculou no ano 2024 no informe de situación da economía española, coa ocasión de aprobar o teito de gasto da Administración Xeral do Estado para o ano 2025.

Por conseguinte as CCAA soamente coñecemos que a taxa de referencia da regra de gasto nacional calculada no ano 2024 para o ano 2026 é dun 3,3%⁹, a cal é inferior á taxa de referencia fixada no Plan Fiscal Estrutural para o dito ano que é dun 3,5% (pero cómpre ter en conta que as ditas taxas aplícanse sobre bases de gasto e previsións económicas diferentes).

Respecto das entregas a conta do sistema de financiamento, o pasado día 30 de xullo remitiuse unha estimación provisional das entregas a conta, que reflicten un crecemento para o 2026 do entorno do 6,2%, sen ter iniciado formalmente os trámites para a elaboración do orzamento nin comunicar a previsión de teito de gasto da administración do Estado, na que se formula a previsión de ingresos que sustenta as entregas a conta comunicadas, polo que se toman neste traballo tal cal, sen poder avaliar a súa razoabilidade.

⁹ E tendo en conta que esta taxa é a establecida no Informe de situación da economía española do ano 2024, publicado polo Ministerio de Economía, Comercio y Empresa en xullo do dito ano. Este ano aínda non se publicou o informe correspondente ao presente ano no que se debería actualizar a dita taxa en función dos últimos datos disponibles de crecemento do PIB potencial e do deflactor do PIB.

Polo tanto, as CCAA encaramos a elaboración dos Orzamentos do ano 2026, cumprindo coas obrigas establecidas no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, na seguinte situación:

- Descoñecendo que marco fiscal hai que aplicar: o novo marco fiscal europeo aprobado vía Regulamentos da UE e, polo tanto, directamente aplicable nos distintos Estados membros, ou o actual marco fiscal nacional que non está adaptado ao mesmo e tendo en conta que os dous marcos difiren de forma moi substancial.
- Descoñecendo os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, xa que o Goberno do Estado non fixou, no primeiro semestre do ano, os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para os próximos 3 exercicios tanto para o conxunto das AA.PP. como para cada un dos subsectores.
- Descoñecendo a contía actualizada da regra de gasto, xa que non se publicou o informe de situación da economía española, ao que se refire o artigo 15.5 da LOEPSF, e no que se determina a taxa de referencia e porén o importe da regra de gasto

A taxa de referencia é a que fixa a evolución máxima do gasto non financeiro e actúa como un factor limitante cando, como é o caso, o ingreso medra máis que a devandita taxa, segundo o disposto no artigo 12.1 da Lei Orgánica 2/2012. A os efectos de poder aproveitar a máxima marxe posible de dos recursos comunicados resulta imprescindible actualizar o seu importe. Cos datos dispoñibles e tal como se indicou no punto 2.7 do informe a estimación da taxa de referencia para o 2026 é do 3,5%.

De seguido detallase como se constrúe o teito de gasto e se verifica o cumprimento das regras fiscais.

3.3. Recursos propios autonómicos compatibles coa regra de gasto

Os recursos propios autonómicos son os provintes dos recursos tributarios propios e cedidos, dos ingresos patrimoniais (xuros e vendas), os fondos de nivelación do sistema de financiamento autonómico (fondo de garantía de servizos públicos fundamentais, fondo de suficiencia e fondo de cooperación) e do déficit ou superávit previsto.

A suma de todos eles supón o 87,4% do límite de gasto ordinario, nos que destacan polo seu peso, os recursos do sistema de financiamento autonómico.

No ano 2025 a aplicación das regras fiscais, en concreto a regra de gasto, determinou que non fose preciso recorrer a endebedamento. Neste ano 2026 a aplicación da regra de gasto, que se estima nun 3,5%, determina que o incremento dos recursos do sistema de financiamento que medran un 6,7%, non poidan ser empregados na súa totalidade sen rebasar o dito límite, dando lugar a un superávit orzamentario.

Por último, os axustes de contabilidade nacional son unha partida que transforma a contabilidade orzamentaria en contas nacionais que son as que se toman como referencia para calcular o cumprimento das regras de gasto.

O importe previsto para os recursos propios autonómicos para o ano 2026 ascende a 12.275,8 millóns o que supón un incremento respecto do ano anterior dun 4,1%.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	10.857,5	11.582,6	725,1	6,7%
- Outros recursos non financeiros	1.004,2	967,5	-36,8	-3,7%
- Capacidade(-) ou necesidade (+) de financiamento	0,0	-145,0	-145,0	-
- Axustes de contabilidade nacional	-70,8	-129,2	-58,4	82,6%
TOTAL RECURSOS PROPIOS AUTONÓMICOS	11.790,9	12.275,8	484,9	4,1%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Procede agora calcular a compatibilidade desta magnitude financeira coa regra de gasto, xa que os esta regra aplica so aos fondos propios de cada administración coa exclusión de algúns gastos que non se consideran.

En efecto, a maiores do sinalado, para transformar estes recursos en gasto computable a efectos do calculo do cumprimento da regra temos que axustar unha serie de partidas.

Regra de gasto

Segundo indicamos o cumprimento da regra de gasto determínase supoñendo que os recursos propios autonómicos coinciden co gasto total financiado con recursos propios aos que se lle deducen os gastos non computables para o cálculo da regra.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	10.857,5	11.582,6	725,1	6,7%
- Outros recursos non financeiros	1.004,2	967,5	-36,8	-3,7%
- Capacidade(-) ou necesidade (+) de financiamento	0,0	-145,0	-145,0	-
- Axustes de contabilidade nacional	-70,8	-129,2	-58,4	82,6%
TOTAL RECURSOS PROPIOS AUTONÓMICOS	11.790,9	12.275,8	484,9	4,1%
- Axustes gasto	-586,2	-671,2	-85,0	14,5%
TOTAL GASTO COMPUTABLE	11.204,8	11.604,7	399,9	3,5%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

De seguido explícanse as partidas de axuste que nos permiten avaliar o cumprimento da regra de gasto, máis como pode ollarse, unha vez deducidos estes gastos a evolución do gasto computable acada o límite estimado para a regra de gasto nacional para 2026, o 3,5%.

3.3.1. Axustes de gastos non computables

Os anteditos axustes proceden principalmente de descontar o gasto previsto en intereses, o gasto derivado de transferencias incondicionadas ao financiamento doutras administracións, as medidas de ingresos que se adoptan en cada exercicio, e a homoxeneización derivada de novas competencias asumidas pola comunidade autónoma.

Tanto a partida de xuros como as transferencias de financiamento incondicionado, son estimacións das contías que se prevén incluír nos orzamentos de 2026, o que si precisa explicación máis detallada son as medidas de ingresos e os axustes por transferencias recibidas.

Medidas de ingresos

En canto aos axustes que hai que realizar polas medidas de ingresos adoptadas, o seu impacto se estima para o ano 2026 en 9 millóns de euros.

Estas medidas son as seguintes:

- A dedución anunciada no Debate de Estado da Autonomía, que se vai incorporar no IRPF, mediante a Lei de medidas do vindeiro ano, polas cantidades satisfeitas polos contribuíntes en material escolar. Esta medida estímase en 6,3 millóns de euros.
- A modificación da redución por parentesco do grupo III no Imposto sobre sucesións e doazóns, que se incorporou mediante a Lei de medidas do ano 2025, e pola que se incrementou o importe da redución desde 8.000 a 25.000 euros. Esta medida ten impacto tanto no exercicio 2025 coma no 2026, como consecuencia do período de declaración do imposto. O impacto desta medida no ano 2026 estímase en 3,8 millóns de euros.
- Por último restarían as medidas (bonificacións e deducións) tanto no IRPF como no ITPAXD co fin de estimular a oferta de vivendas dispoñibles e a modificación da base imponible e dos tipos impositivos no Canon eólico, incorporadas mediante a Lei de Medidas do ano 2025. O impacto conxunto de todas estas medidas para o exercicio 2026 pode neutralizarse xa que a primeira é negativa (detrae fondos) e a segunda positiva (achega fondos).

E, por último, o ano pasado formalizouse un **traspaso de competencias entre AA.PP.**

Aos efectos de aplicar correctamente a regra de gasto é preciso que as magnitudes que se comparen sexan homoxéneas, polo que é necesario axustar o gasto do ano 2025 e de 2026 como consecuencia da asunción de novas competencias.

O pasado 19 de maio de 2025 publicouse no BOE o Real Decreto 394/2025, de 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, de modo que desde o 1 de xullo deste ano esta competencia xestionarase pola nosa Comunidade Autónoma.

A valoración do custe efectivo desta competencia estableceuse polo Ministerio de Hacienda en 1.219.100,38 euros anuais, polo que o noso gasto vaise incrementar no dito importe.

Este maior gasto financíase cunha revisión á alza do importe do Fondo de Suficiencia do sistema de financiamento do ano base con carácter permanente.

Polo tanto, a efectos de determinar o impacto do traspaso da dita competencia na regra de gasto, mentres a Comunidade Autónoma de Galicia ten que aplicar un axuste positivo á alza do gasto no que pode incurrir (polo traspaso de capacidade de gasto entre AAPP) a Administración Central do Estado ten que aplicar o mesmo axuste pero con carácter negativo, de xeito que o impacto do dito traspaso de competencias no gasto de todas as AA.PP. involucradas sexa neutral.

Polo que o incremento do gasto de 1,2 millóns de euros que se vai producir no ano 2026 na Comunidade Autónoma de Galicia non se ve limitado pola aplicación da regra de gasto.

3.3.2. Cumprimento da regra de gasto

Como se ten sinalado, o cadro anterior reflicte como, unha vez deducidos estes gastos que non se teñen en conta, a evolución do gasto computable acada o límite estimado para a regra de gasto nacional, o 3,5%.

Tal e como se ten sinalado esta taxa calcúlase polos servizos da Consellería de Facenda e Administración Pública perante a inexistencia do preceptivo informe sobre a economía española, no caso de que se publique con posterioridade cunha taxa diferente habería que adaptar a variación do gasto computable á mesma.

3.4. O límite de gasto non financeiro ordinario para 2026

Unha vez comprobado que partimos duns recursos propios autonómicos compatibles co cumprimento da regra de gasto, compre formar a contía definitiva que acadará este límite que xurde de engadir aos anteriores recursos propios, os recursos finalistas do Estado e os fondos europeos. De seguido explicamos a evolución de cada unha destas partidas.

Para o conxunto de recursos ordinarios o 2026 increméntase respecto ao ano precedente un 4,2% acadando un importe de 14.026,8 millóns de euros.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
Total Recursos Propios Autonómicos	11.790,9	12.275,8	484,9	4,1%
+ Fondos finalistas doutras Administracións	1.674,5	1.751,0	76,5	4,6%
LÍMITE DE GASTO ORDINARIO	13.465,5	14.026,8	561,3	4,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

3.4.1. Recursos propios autonómicos

3.4.1.1. Ingresos do sistema de financiamento autonómico

A partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia é a dos recursos procedentes do sistema de financiamento, xa que con carácter xeral supoñen en torno ao 80% dos ingresos non financeiros totais. Non obstante, nos últimos exercicios a súa importancia acadou valores menores, na contorna do 70 e o 75 por cento, motivado pola importante achega de recursos extraordinarios á facenda galega para combater os diferentes *shocks* destes últimos exercicios. No ano 2026 o peso do modelo ascende ao 81,6%, o que determina unha mellora na súa achega ao gasto non financeiro respecto ao exercicio anterior.

A estimación dos importes dos recursos do sistema de financiamento incorporados ao límite de gasto non financeiro do próximo ano deriva dunha comunicación efectuada polo Ministerio de Hacienda na que se inclúe o importe global das entregas a conta e a previsión da liquidación do ano 2024 a percibir no 2026.

Para o ano 2026 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico increméntanse nun 6,7% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior. Esta evolución deriva do efecto combinado do cálculo das entregas a conta, da liquidación positiva do exercicio 2024 e do reintegro das contías adiadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamento	10.857,5	11.582,6	725,1	6,7%
- Entregas a conta	10.262,1	10.878,0	615,9	6,0%
- Liquidación ano n-2	680,2	789,4	109,2	16,0%
- Liquidacións anos 2008-2009	-84,8	-84,8	0,0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No que se refire ás entregas a conta, como xa se comentou, o Ministerio de Hacienda soamente comunicou a previsión do importe global das mesmas, referindo a súa evolución respecto ao importe das entregas a conta do ano 2025, actualizadas segundo o disposto no Real Decreto Lei 6/2025, do 17 de xuño.

En canto á liquidación do ano 2024, a estimación provisional comunicada polo Ministerio é dunha liquidación positiva por importe de 789,3 millóns de euros, é dicir, un incremento de 109 millóns de euros, un 16% máis.

Por último, dentro dos recursos do sistema de financiamento é preciso descontar o importe que se reintegra como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 millóns de euros, despois do acordo adoptado polo pleno do Consejo de Política Fiscal y Financiera celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar ata en 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións, de modo que desde o ano 2015 e ata o ano 2031 reintegrarase o dito importe).

3.4.1.2. Resto de recursos propios non financeiros da comunidade autónoma

Estes confórmanse polos tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais. O seu importe redúcese nun 3,7% respecto aos orzamentos do ano 2025.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
Impostos propios e cedidos	700,1	701,2	1,1	0,2%
- Imposto sucesións e doazóns	182,0	170,4	-11,6	-7,0%
- Transmisións e AXD	360,1	374,7	14,6	4,6%
- Resto tributos	158,0	156,1	-1,9	-1,2%
Taxas e prezos	138,6	127,6	-11,0	-7,9%
Reintegros e ingresos patrimoniais	165,5	138,7	-26,8	-16,2%
Total outros recursos non financeiros	1.004,2	967,5	-36,7	-3,7%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No que respecta aos impostos cómpre facer as seguintes observacións:

- No imposto sobre sucesións e doazóns prevese una minoración de 11 millóns, un 7%, como consecuencia da aplicación xa dende este ano da bonificación para o grupo III.
- No imposto sobre transmisións e AXD prevese un incremento de 12 millóns de euros, un 4,6%, como consecuencia do dinamismo da economía e das previsións de crecemento económico.
- No resto dos impostos hai variacións positivas e negativas que en termos absolutos resultan pouco significativas, no imposto de depósitos e medioambientais lixeiramente descendentes e no imposto de patrimonio no que se prevé un incremento superior ao 3% como consecuencia do aumento das autoliquidacións presentadas na presente campaña.

Mención específica merecen os reintegros e ingresos patrimoniais que se reducen 26 millóns, consecuencia na súa meirande parte da baixa dos tipos de xuro e a finalización dos reintegros extraordinarios do ano 2025 debido ao fin do instrumento financeiro desenvolvido co Ministerio de Economía iniciativa Pyme.

3.4.1.3. Axustes de contabilidade nacional

Como xa se comentou tamén, hai que ter en conta o impacto nos recursos dos axustes que se deben aplicar pola posible diferenza na súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se calcula o déficit ou o superávit en cada exercicio, máis tamén na regra de gasto.

O sistema europeo de contas (en diante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *“constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, dos seus compoñentes e das súas relacións con outras economías”*. O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade ou necesidade de financiamento e, por tanto, deberán terse en conta os seus criterios para calculala.

Os obxectivos fiscais deben cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na súa fase de execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, desta forma, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan os criterios de contabilidade nacional, nos ingresos e nos gastos, implica desviacións no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC-2010 fronte ao orzamento administrativo:

- Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC-2010). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

- E un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

- 1) A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe da recadación líquida, tanto a derivada do exercicio corrente como dos exercicios anteriores, dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos e o importe dos dereitos recoñecidos netos procedente de ditos capítulos.
- 2) As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas ás fundacións do sector público autonómico.
- 3) Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas falidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (en concreto, a través dunha dotación do capítulo VIII).
- 4) Como maior ingreso recóllese o axuste debido ao reintegro da anualidade das contías aprazadas por mor das liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico dos anos 2008 e 2009.
- 5) Este é o primeiro exercicio no que non se ten en conta o axuste derivado da consolidación das autopistas que se rescataron no ano 2024. Ata este exercicio realizábase un axuste positivo como consecuencia da recuperación do custe desas infraestruturas ao entender que parte do que se pagaba á concesionaria era para recuperar o custe de produción das mesmas.

Debe terse en conta que tan só se recollen neste momento os axustes que se poden estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual ou son pouco representativos.

Os axustes de contabilidade nacional estímense en -129,2 millóns de euros para o 2026, que equivalen a menos recursos non financeiros nesa contía.

3.4.1.4. Necesidade ou capacidade de financiamento

Un ano mais o Goberno do Estado non ten fixados os obxectivos de déficit e débeda para o 2026, porén en base ao sinalado no punto 3.3, a aplicación dunha regra de gasto de gasto dun 3,5% nun exercicio no que se prevé que os recursos non financeiros aumenten nun 5,8% provoca que límite de gasto non financeiro teña que elaborarse aplicando un superávit dun 0,16% do PIB.

A título de exemplo, no seguinte cadro amósase o impacto que tería na regra de gasto elaborar o límite de gasto non financeiro sen incorrer en superávit, concretamente en equilibrio orzamentario: a variación do gasto computable incrementaríase ata o 4,9% incumpríndose substancialmente o límite estimado do 3,5%.

	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
Gasto computable	11.204,8	11.604,7	399,9	3,5%
Gasto computable sen superávit (en equilibrio orzamentario)	11.204,8	11.749,7	544,9	4,9%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

3.4.2. Resto dos recursos ordinarios a incluír no límite de gasto non financeiro

Neste apartado inclúense os recursos que, debendo terse en conta no teito de gasto, non afectan ao cumprimento da regra de gasto. Trátase fundamentalmente das transferencias finalistas que proceden da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos.

Amósase unha cifra superior á do ano 2025, acadando os 1.750,9 millóns de euros no 2026 fronte os 1.674,5 millóns do ano 2025.

- **Fondos finalistas**

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado espérase recibir unha contía de recursos superior ao exercicio 2025, cun incremento estimado do 7,4%. Este aumento débese principalmente á subida, entre outros, do programa da dependencia como consecuencia da aprobación do Plan de Axilización e simplificación dos trámites de dependencia e discapacidade, o Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, o programa Moves III, o Plan Redución do Abandono Temprán e o programa social do 0,7% do IRPF.

Non obstante, hai que ter en conta que tamén se reducen outros programas:

- No ámbito educativo redúcese o Programa código escola 4.0 en 5 millóns de euros.
- No ámbito sanitario, baixa o importe previsto para Impulso da saúde dixital no SNS en 3,4 millóns de euros.
- No ámbito rural, os Programas estatais de control e erradicación das EETs diminúe en 3,1 millóns de euros.
- No ámbito social o Plan corresponsables baixa 2,3 millóns de euros.

Cómpre salientar que o Estado segue lonxe de cubrir o 50% do custe do programa de dependencia para as Comunidades Autónomas de réxime común, ao que está obrigado pola Lei de Dependencia. Esta fenda de financiamento estase a ampliar coa aprobación do Real Decreto 675/2023 polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do SAAD, que obriga a reforzar os servizos e prestacións ás persoas atendidas sen achegar o financiamento adicional estatal.

- **Fondos Europeos**

No que atinxe aos fondos europeos trataremos de forma separada os recursos dos fondos estruturais dos fondos Next Generation que aínda se están a xestionar.

Respecto aos fondos dos programas operativos, as anualidades previstas son similares ás do ano anterior. Cómpre sinalar que se ben a maior parte dos fondos dos Programas correspondentes ao período de programación 14-20 remataron no 2023, no caso dos fondos agrícolas, estes rematan no 2025, polo que o 2026 será o primeiro ano completo de execución da nova programación.

Contémplase na previsión de recursos europeos a liña FID, correspóndente ao FEDER Plurirrexional e que se deriva dunha convocatoria a nivel nacional que se resolveu no 2025 e que se vai a executar na súa meirande parte a partir de 2026.

No que atinxe ao resto dos fondos europeos estímase unha previsión moi similar á do presente exercicio.

O Novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034 Europeo

O marco financeiro plurianual (MFP), representa a capacidade financeira da Unión para levar a cabo as súas prioridades políticas compartidas. O pasado 16 de xullo a Comisión Europea presentou a proposta do futuro MFP correspondente ao **período 2028-2034**. O seu importe ascende a case **2 billóns de euros** (1.984.894 millóns de euros a prezos correntes equivalentes a 1.763.056 millóns de euros a prezos de 2025) que representa o **1,26 % da Renda Nacional Bruta (RNB) da UE**. Non obstante, se se descontan os importes destinados a reintegrar a débeda contraída para financiar o Instrumento **Next Generation**, este novo escenario, practicamente idéntico ao peso do actual período 2021-2027 (1,13%).

Estrutura do Novo MFP:


- **Plans de Asociación Nacional e Rexional (PNR):** para promover a cohesión económica, social e territorial, o desenvolvemento sostible e a competitividade da Unión e a súa seguridade, apoiando ao mesmo tempo a agricultura e a prosperidade rural e marítima: **1 billón de euros**.
- **Fondo Europeo de Competitividade e Horizonte Europa**, o programa insignia de investigación e innovación: **589.600 millóns de euros**.
- **Europa Global**, refírese ao financiamento da política exterior e de seguridade común, así como a cooperación ao desenvolvemento e as relacións con terceiros países: **215.200 millóns de euros**.
- Gastos da **administración pública europea**, que representarán unha porcentaxe estable do **6 % do MFP**.

Asignacións aos Estados Membros dos PNR:

A distribución entre os Estados membros da asignación dos PNR faise en función do seu nivel relativo de desenvolvemento económico, poboación, e poboación que vive en zonas rurais en risco de pobreza ou de exclusión social. Ademais, téñense en conta a converxencia rexional e a converxencia agrícola, de forma que os Estados membros con máis desigualdades obteñan un apoio adicional para reducir a brecha.

- o A asignación a **España ascende a 82.900 millóns de euros** (73.861 M€ a prezos de 2025), o que representa o 10,5% do total da UE, so por debaixo da asignación a Polonia (114.500 M€) e de Francia (84.500 M€).
- o Tal e como se pode apreciar no mapa, as asignacións per cápita son maiores nos Estados membros do leste e sur de Europa.

Mapa. Asignacións per cápita aos EE.MM. para os Plans de Asociación Nacionais e Rexionais



Comparativa co MFP 2021-2027

Os importes destinados aos PNR máis a Interreg ascende a 793.143 M€ a prezos correntes (705.542 M€ a prezos de 2025). Este importe é un **10,9% inferior ao conxuntos dos fondos de xestión compartida do marco 2021-2027**, que inclúe a cohesión (FEDER e FSE+), a PAC (FEAGA e FEADER) e a política pesqueira (FEMPA).

Táboa 1. Comparativa das cifras da proposta do MFP 28-34 cos fondos de Xestión compartida do MFP 28-34.

	MPF 2028-2034				MPF 2021-2027		
	Prezos correntes		Prezos 2025		Prezos correntes		
	UE	España	UE	España	UE	España	Galicia
PLANS DE COLABORACIÓN NACIONAL E REXIONAL	782.879	79.900	696.498	71.084	783.164	81.437	5.681
- PAC. Apoio á renda de agricultores e pescadores	295.699		261.013		291.089	37.442	1.281
- Migración e xestión de fronteiras	34.215	3.000	30.608	2.684	25.699	---	---
- Cohesión económica territorial e social, incluída a pesca, as comunidades rurais e o turismo	452.965		404.877		466.376	43.995	4.400
INTERREG	10.264	872	9.044	768	8.960	683	75
PNR + INTERREG	793.143	80.772	705.542	71.852	792.124	82.120	5.756

No caso de España, o importe destinado ao Plan de Asociación Nacional e Rexional ascende a 79.900 M€ (71.084 a prezos de 2025), mentres que para a Cooperación Territorial Europea disporía de 872 M€ (768 a prezos de 2025). Con estes recursos atenderíase á política de cohesión, política agraria e á pesqueira. No seu conxunto **esta cantidade é un 12,5% inferior ao que España ten asignado no marco 2021-2027** que ascende a 82.120 M€ (sen ter en conta partidas adicionais do Next Generation UE).



Insuficiente proposta da Comisión Europea

A proposta da Comisión Europea para o MFP 2028-2034 supón un punto de partida insuficiente para responder aos desafíos socioeconómicos actuais, especialmente para rexións como Galicia que dependen fortemente das políticas de cohesión, agrícola e pesqueira.

O recorte do 10,9% nestas partidas (12,5% para España) é especialmente preocupante para Galicia, que precisa manter recursos suficientes para avanzar na transición ecolóxica e dixital sen poñer en risco o equilibrio territorial nin a competitividade dos sectores tradicionais.

En definitiva, de cara á negociación final, Galicia debe:

- Reforzar a interlocución co Estado e coas institucións europeas, asegurando canles directas de participación.
- Defender a integridade e o financiamento suficiente da política de cohesión, PAC e política pesqueira, claves para a sustentabilidade económica, social e ambiental da comunidade.
- Solicitar medidas compensatorias fronte aos recortes propostos, con criterios de reparto xustos e adaptados á realidade galega.
- Impulsar o aproveitamento dos novos fondos estratéxicos, garantindo capacidades técnicas para captar e executar proxectos innovadores.
- Reforzar a cooperación transfronteiriza, consolidando a posición de Galicia coma ponte entre Europa e o Atlántico.

Soamente cun marco financeiro ambicioso, equilibrado e territorialmente xusto, Galicia poderá afrontar con éxito os retos da transición verde, a dixitalización, o reto demográfico e a internacionalización, contribuíndo de forma activa á construción dunha Europa máis cohesionada e resiliente.

3.5. Límite de gasto non financeiro total

Para definir o importe final do teito de gasto é necesario incluír os fondos extraordinarios procedentes dos fondos Next Generation.

Cómpre sinalar que o ano 2025 foi o último ano completo de execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), xa que o límite previsto para finalizar a execución é, con carácter xeral, o verán de 2026.

Neste sentido, ás previsións que se contemplan no orzamento para o ano 2026, derradeiro ano no que se orzamentarán os fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia, son as contías necesarias que permitan a execución completa destes recursos, é dicir, as necesarias para atender os compromisos de gasto plurianual asumidos con cargo a ese exercicio e as escasa actuacións pendentes de adxudicación para 2026.

Polo tanto, o límite de gasto total para 2026 diminúe en 338 millóns de euros tan so polo cese das operacións financiadas con este mecanismo.

O límite de gasto final, logo de engadir todos os recursos, acada os 14.176,8 millóns de euros, o que representa un incremento do 1,6% respecto do ano 2025.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Variación	
			Absoluta	%
Total Recursos Propios Autonómicos	11.790,9	12.275,8	484,9	4,1%
+ Fondos finalistas doutras Administracións	1.674,5	1.751,0	76,5	4,6%
LÍMITE DE GASTO ORDINARIO	13.465,5	14.026,8	561,3	4,2%
+ Fondos Next Generation	488,4	150,0	-338,4	-69,3%
LÍMITE DE GASTO TOTAL	13.953,9	14.176,8	222,9	1,6%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

3.6. Escenario financeiro plurianual

Para rematar, no seguinte cadro amósase a envolvente financeira prevista para o período 2026-2028, sen incluír os recursos procedentes dos Fondos Next Generation.

Como se pode ver, a previsión é que os recursos autonómicos (antes dos axustes do gasto computable) medren con taxas na contorna do 3-4% cumprindo, deste xeito, coas taxas de referencia previstas para o mesmo período.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento 2025	Límite de Gasto 2026	Previsión 2027	Previsión 2028	Variación %		
					2026- 2025	2027- 2026	2028- 2027
- Recursos sistema de financiamento	10.857,5	11.582,6	11.940,4	12.326,5	6,7%	3,1%	3,2%
- Outros recursos non financeiros	1.004,2	967,5	986,8	1.008,8	-3,7%	2,0%	2,2%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	0,0	-145,0	-90,0	-30,0	-	-37,9%	-66,7%
- Axustes de contabilidade nacional	-70,8	-129,2	-131,0	-133,0	82,6%	1,4%	1,5%
TOTAL RECURSOS PROPIOS AUTONÓMICOS	11.790,9	12.275,8	12.706,2	13.172,3	4,1%	3,5%	3,7%
- Fondos finalistas doutras Administracións*	1.674,5	1.751,0	1.761,2	1.759,3	4,6%	0,6%	-0,1%
LÍMITE DE GASTO ORDINARIO	13.465,5	14.026,8	14.467,3	14.931,6	4,2%	3,1%	3,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

* Sen Fondos Next Generation

3.7. Análise da sostibilidade financeira da débeda da Comunidade Autónoma de Galicia

No novo escenario fiscal europeo resulta esencial analizar a evolución do endebedamento das AA.PP. polo xeral e da Comunidade Autónoma de Galicia en particular. Neste apartado analizamos a sustentabilidade da débeda pública a medio e longo prazo.

O denominado efecto bola de neve no ámbito do endebedamento público refírese á dinámica pola cal o cociente débeda/PIB pode experimentar un incremento mesmo en situacións de equilibrio orzamentario primario. Esta evolución débese á diferenza entre o tipo de interese efectivo da débeda e a taxa de crecemento nominal da economía. Cando o custo medio da débeda supera o crecemento nominal, os pagos por xuros introducen unha presión alcista sobre a ratio débeda/PIB, xerando un aumento inercial do endebedamento relativo, independentemente do saldo primario.

No caso específico da Comunidade Autónoma de Galicia, a análise das variables macroeconómicas para o horizonte de previsión indica que tanto a os saldos orzamentarios como a taxa de crecemento real do PIB e a evolución da inflación contribúen de forma significativa á redución do cociente débeda/PIB, superando amplamente o efecto derivado do custo da débeda, que se mantén en niveis contidos conforme ás expectativas de evolución dos tipos de interese.

Esta conxuntura da lugar a un efecto bola de neve negativo, no que a dinámica macroeconómica favorece unha redución progresiva da ratio débeda/PIB, mesmo en ausencia de superávits primarios, permitindo así unha senda de consolidación fiscal sostible no medio prazo para a comunidade autónoma.


No seguinte cadro amosase a dinámica da débeda no que se prevé unha redución da ratio Débeda/PIB de 3,4 puntos no período 2024-2028, motivado polo saldo primario e polo efecto bola de neve.

Dinámica da Débeda		2024	2025	2026	2027	2028	Acumulado
	% PIB	% PIB	% PIB	% PIB	% PIB	% PIB	2024-2028
1	Ratio Débeda/PIB	14,4%	13,7%	13,1%	12,6%	12,3%	
2 = 3+4+8	Variación en ratio	-1,3%	-0,7%	-0,6%	-0,5%	-0,3%	-3,4%
3	· Saldo primario	-0,5%	-0,4%	-0,4%	-0,4%	-0,3%	-2,0%
4 = 5+6+7	· Efecto bola de neve	-0,4%	-0,4%	-0,3%	-0,2%	-0,1%	-1,3%
5	· Efecto en xuros	0,2%	0,3%	0,3%	0,3%	0,3%	1,4%
6	· Efecto Crecemento	-0,3%	-0,3%	-0,3%	-0,2%	-0,2%	-1,2%
7	· Efecto Inflación	-0,3%	-0,4%	-0,3%	-0,3%	-0,3%	-1,5%
8	· Axuste stock-fluxo	-0,4%	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%	0,0%

En definitiva, **a dinámica da débeda amosa una evolución ou senda descendente, permitindo acadar o obxectivo do 13% do PIB case no ano 2026**, dando cumprimento ao previsto artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que establece que "o límite de débeda pública de cada unha das Comunidades Autónomas non poderá superar o 13 por cento de seu Produto Interior Bruto rexional."



Gráfica. Proxección Débeda Pública/PIB (PDE) 2022-2028



Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea¹⁰, que usa a semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo.

No capítulo dous do documento da Comisión derívanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{d\left(\frac{B}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dB}{dY}Y - \frac{dY}{dY}B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{d\left(\frac{R}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} - \frac{d\left(\frac{G}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dR}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY}Y - \frac{dY}{dY}G}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y}\right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y}\right) = \left(\frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{R}{Y} - \left(\frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1)\frac{R}{Y} - (\eta_G - 1)\frac{G}{Y} \end{aligned} \quad (2)$$

Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB

Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

$$R = \sum R_i$$

¹⁰ Este cambio recóllese no documento

http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf

Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a contribución de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro ε (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$\begin{aligned}
 \text{Semi-elasticidade}_R = \varepsilon_R &= \frac{d\left(\frac{R}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{d\left(\frac{\sum R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} \\
 &= \sum \frac{\frac{dR_i}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R_i}{\frac{Y^2}{Y}} \\
 &= \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y}\right) = \sum \left(\frac{\frac{dR_i}{R_i}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right) \frac{R_i}{Y} = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y}
 \end{aligned} \tag{3}$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y} \tag{4}$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned}
 \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\
 &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1\right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{G_U} \frac{G_U}{G} - 1\right) \frac{G}{Y}
 \end{aligned} \tag{5}$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) sempre que nesta última se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos para obter o verdadeiro valor da semi-elasticidade. Isto implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.

Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o output gap para calcular o saldo cíclico, utilizamos os datos de execución orzamentaria¹¹ de 2018 e 2019 (todos os capítulos

¹¹ <https://serviciostematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.
Aplicación da Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, coa información dispoñible

excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidade regional de España¹² para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Resto de gastos primarios	0,00
Transferencias correntes	
Fondo de garantía	1,38
Fondo de suficiencia	1,42

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y}$$

Onde ε é a semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{R_i} e η_{G_i} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.

¹² <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.